



Curso "Abordaxe das intervencións en emerxencias con menores"

DOCENTE

Mercedes Jiménez-Carlés González Barba (AN-07412).

ORGANIZA

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

COORDINA

M^a del Carmen González Hermo (G-3100).

DURACIÓN

6 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 11 de marzo de 2023.
De 10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 17:30 horas.

MODALIDADE

Online. Plataforma de teleformación Moodle do COPG e Zoom.

PRAZAS

100.

PREZOS

Membros do GIPCE COPG e GIPCE-112.....	20,00€
Membros do GIPCE COPG e GIPCE-112 desempregados/as.....	10,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....	40,00€
Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego.....	20,00€

Curso recoñecido pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia
Nº de expediente: SA301A 2023/1-1



Curso "Abordaxe das intervencións en emerxencias con menores"

PROGRAMA

Que debemos saber antes dunha intervención cun menor?

- Mitos do dó infantil.
- Que significa a morte para os nenos segundo as súas idades.
- Como lle afectan as perdas aos menores.

Que facer durante unha intervención?

- Frases que se poden utilizar e cales evitar.
- Rituais de despedida si / non. Como axudarlles.
- 4 condicións para estar presentes como profesionais ante os menores.
- Mochila de emerxencias (que debo levar comigo se vou atender a un menor).
- Comunicación de malas noticias aos menores.

Que podemos facer ao final antes de finalizar a nosa intervención?

- Asesoramento á familia.
- Como facilitarlles o seu dó, rituais e acompañamento ao menor no dó, que se pode facer no colexio?

Dó desautorizados.

OBXECTIVO

Abordar unha intervención con menores afectados por unha situación de emerxencia e adquirir ferramentas para a xestión do proceso do dó nos menores.

METODOLOXÍA

Os contidos estarán apoiados con descrições de casos reais. Inclúense exercicios prácticos para axudar a establecer as explicacións teóricas.



Curso "Abordaxe das intervencións en emerxencias con menores"

DOCENTE

MERCEDES JIMÉNEZ-CARLÉS GONZÁLEZ-BARBA (AN-07412).

Psicóloga e Psicoterapeuta Relacional.

Formada en Funcionamento mental e acción terapéutica na infancia e na nenez, adolescencia, adultos e parellas sendo membro do Instituto de Psicoterapia Relacional (IPR) e de IARPP (International Association for Relational Psychoanalysis and Psychotherapy).

É profesora de Educación Física e Educación Infantil.

É Coordinadora Andalucía Rede Nacional Psicólogos de emerxencias de Psicólogos Princesa 81, S.L.P. Formada en emerxencias e desastres, posúe a acreditación profesional de psicóloga experta en psicoloxía de emerxencias e catástrofes polo Consejo General de la Psicología de España, pertencendo ao grupo activo de GIPED (Grupo activo de Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Desastres), á Sociedade Española de Psicoloxía aplicada a desastres, urxencias e emerxencias SEPADEM. Tamén pertence ao servizo de apoio psicolóxico en crise para fillas e fillos de mulleres vítimas mortais de violencia de xénero pola Junta de Andalucía a través da asociación Acción Social pola Igualdade (ASI). É experta na abordaxe psicolóxica integral en violencias machistas contra mulleres e menores e experta en dó no ciclo da vida. É titular dun centro sanitario onde exerce a súa actividade profesional.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos integrantes do GIPCE do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego.

Último día de inscrición: 1 de marzo de 2023.